

ANALISE PFPP 1º TRIMESTRE

Actividades desenvolvidas no primeiro trimestre

Desígnanse os coordinadores de cada itinerario

- Tania Ruanova coordinará os itinerarios de: Ensino virtual e novas tecnoloxías, Escola inclusiva e saudable. Atención á diversidade e igualdade no CPI de Atios e Polos Creativos.
- Antonio Cebreiro coordinará os itinerarios de Enriquecemento curricular. Traballo por proxectos, Plan dixital de centro e O desenvolvemento do proxecto Erasmus + no centro

Desígnanse os coordinadores/as de cada actividade

- As persoas coordinadoras de cada actividade levantan acta das sesións realizadas e estas actas as trasladan aos responsables de cada itinerario quedando recollidas na aplicación "fprofe".

Actividade xa rematada:

- Curso de Elaboración de programacións en PROENS (8 horas)

Actividades iniciadas:

- Grupo de traballo: Normativa para a atención á diversidade
- Grupo de traballo: Representacións teatrais
- Seminario: A promoción de estilos de vida saudables
- Seminario: Consolidación Polos Creativos. Polos+
- Grupo de traballo: Erasmus+ e outras iniciativas.
- Grupo de traballo: Desenvolvemento de proxectos

Actividades non iniciadas:

- Grupo de traballo: Lingua de Signos Española
- Seminario: Rutas pola contorna
- Curso de Aprendizaxe baseada en Xogos

O traballo realizado nas diferentes actividades está a vosa disposición no enlace da páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=taxonomy/term/312>

Puntos fortes:

O interese do profesorado en formarse e manterse actualizado nas novas tecnoloxías e metodoloxías didácticas, así coma a adaptación á lexislación vixente e os métodos de avaliación competencial.

Os equipos edixgal do alumnado foi completamente renovado no pasado curso escolar. Profesorado do propio centro que imparte formación de xeito desinteresado.

O equipamento da aula de informática foi renovado.

Puntos débiles:

A conexión a internet, que aínda que mellorou ás veces falla.

Propostas de melloras:

Renovación paulatina dos equipos informáticos obsoletos.